

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

- 1161** *Real decreto 66/2015, do 6 de febreiro, polo que se regula o réxime de controis que aplicará a Axencia de Información e Control Alimentarios, previstos na Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.*

A Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, ten como finalidade mellorar o funcionamento e a vertebración da cadea alimentaria de maneira que aumente a eficacia e a competitividade do sector agroalimentario español e se reduza o desequilibrio nas relacións comerciais entre os diferentes operadores da cadea de valor, no marco dunha competencia xusta que redunde en beneficio non só do sector senón tamén dos consumidores.

Na súa disposición adicional primeira, a Lei 12/2013, do 2 de agosto, modifica o organismo autónomo Axencia para o Aceite de Oliva, que pasou a denominarse Axencia de Información e Control Alimentarios, e asume, ademais das funcións que viña exercendo, aquelas novas relacionadas co control do cumprimento do disposto na Lei 12/2013.

A Axencia de Información e Control Alimentarios é un organismo autónomo dos previstos no artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, con personalidade xurídica diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión, nos termos establecidos na dita lei e no seu estatuto, aprobado polo Real decreto 227/2014, do 4 de abril.

Coa nova Axencia establécese un organismo autónomo encargado de levar a cabo as funcións que ten legalmente encomendadas, e propiciar un control efectivo da cadea alimentaria, o cal se produce dunha mesma maneira e cun mesmo nivel de cumprimento de obxectivos en todo o territorio nacional.

Os fins e as funcións xerais da Axencia de Información e Control Alimentarios quedaron recollidos no seu estatuto, aprobado polo Real decreto 227/2014, do 4 de abril. En materia de controis, correspóndelle á Axencia de Información e Control Alimentarios comprobar o cumprimento das obrigas por parte dos operadores do sector oleícola e lácteo, así como os dos outros sectores que regulamentariamente se determinen, e establecer e desenvolver o réxime de control necesario para comprobar o cumprimento do disposto na Lei 12/2013, do 2 de agosto.

Conforme o previsto no artigo 3 do seu estatuto, os controis que leve a cabo a Axencia faranse sen prexuízo das funcións que teñan encomendadas outros organismos, como ocorre no sector lácteo.

Para levar a cabo as tarefas de inspección encomendadas á Axencia de Información e Control Alimentarios, cómpre establecer e desenvolver un réxime de control en que se precisen os elementos substanciais da actividade inspectora co fin de que o exercicio das funcións encomendadas ao organismo autónomo se leve a cabo coa seguridade e garantía precisas para todos os que interveñen na cadea alimentaria e que serán suxeitos das súas actividades inspectoras.

O capítulo I recolle as cuestións xerais do real decreto e trata do obxecto deste, do ámbito e da finalidade dos controis, da atribución das funcións de control do cumprimento do establecido na Lei 12/2013, do 2 de agosto, á Axencia de Información e Control Alimentarios, das relacións con outras administracións públicas e, finalmente, do réxime xurídico que será de aplicación á Axencia.

O capítulo II, que leva por título «Os servizos de Inspección da Axencia de Información e Control Alimentarios», trata do persoal acreditado polo seu director para levar a cabo as tarefas de control, dos dereitos, prerrogativas e consideracións deste, dos seus deberes,

así como do uso de bases informáticas por parte da Axencia de Información e Control Alimentarios.

O capítulo III trata das actuacións da Axencia de Información e Control Alimentarios, e comprende aspectos referentes ás actuacións inspectoras, á planificación das actuacións, ao lugar e tempo destas, aos obrigados no procedemento de inspección, aos dereitos dos suxeitos obrigados, á asistencia de representantes e asesores ás inspeccións, á iniciación e ao desenvolvemento das actuacións inspectoras, ás facultades do persoal inspector, á documentación das actuacións inspectoras, ao valor probatorio das actas levantadas polo persoal acreditado, á sinatura das actas de control, ás actuacións complementarias, ao deber de auxilio e colaboración, aos informes das actuacións de control, ao rexistro das actuacións e, finalmente, ao deber de segredo.

Debido a que este real decreto transcende a simple regulación da actividade de control e inspección e entra na actividade sancionadora recoñecida á Axencia de Información e Control Alimentarios, incluíuse no regulamento o capítulo IV, titulado «Consecuencias derivadas da actuación inspectora», onde se recollen as regras xerais de actuación, así como as consecuencias que terán no ámbito das obrigas impostas para o mantemento dos sistemas de información, seguimento e análise dos mercados; nos casos de incumprimentos de pagamento das achegas obrigatorias ás organizacións interprofesionais; de denuncias por incumprimento do disposto na Lei 12/2013, do 2 de agosto; de irregularidades constatadas no exercicio das súas funcións e, finalmente, nos casos de infracción á normativa sobre o comercio.

Non se procede ao desenvolvemento mediante este real decreto das funcións de xestión e mantemento dos sistemas de información, seguimento e análise e control dos mercados lácteos mentres non se proceda ao seu desenvolvemento por outra norma regulamentaria.

A disposición derogatoria única derroga o Real decreto 257/1999, do 12 de febreiro, polo que se regula a supervisión das axudas comunitarias ao aceite de oliva e á oliva de mesa por parte da Axencia para o Aceite de Oliva.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de febreiro de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

**Obxecto e ámbito dos controis da Lei 12/2013, do 2 de agosto, por parte da  
Axencia de Información e Control Alimentarios**

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer o réxime de controis que será de aplicación por parte da Axencia de Información e Control Alimentarios para comprobar o cumprimento do disposto na Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria. Así mesmo, o real decreto desenvolve as previsións da dita lei sobre a actividade sancionadora recoñecida á Axencia.

Artigo 2. *Ámbito dos controis.*

1. Os controis que leve a cabo a Axencia de Información e Control Alimentarios tenán por finalidade:

a) Comprobar o cumprimento das obrigas por parte dos operadores dos sectores ou mercados oleícolas (aceite de oliva e oliva de mesa) e lácteos, para asegurar a veracidade e integridade dos datos que se incorporan aos sistemas de información de mercados e para determinar a orixe, o destino e as características das materias primas e dos produtos, en calquera fase da cadea; así como a toma de mostras, o seguimento e control da aplicación ou a destrución final dos subprodutos que non teñan uso alimentario.

b) A constatación de irregularidades que se poñan de manifesto no exercicio das súas funcións ou como consecuencia das denuncias presentadas e que supoñan incumprimentos do disposto na Lei 12/2013, do 2 de agosto.

2. Para o caso de que a Axencia de Información e Control Alimentarios teña que levar a cabo algunha actuación en que as competencias inspectoras sexan concorrentes coa de calquera outra entidade, levaranse a cabo previamente os mecanismos de coordinación e colaboración que sexan necesarios para a súa realización mediante os correspondentes acordos de colaboración.

### Artigo 3. *Relacións con outras administracións públicas.*

1. A Axencia de Información e Control Alimentarios poderá solicitar das demais administracións públicas, especialmente das comunidades autónomas, a cooperación, asistencia activa e información que precise para o exercicio das súas funcións de control. Pola súa parte, a Axencia, no exercicio das súas competencias, poderá levar a cabo actuacións de colaboración coas comunidades autónomas.

2. Cando unha Administración pública coñeza feitos ou circunstancias que poidan supoñer un incumprimento do disposto na Lei 12/2013, do 2 de agosto, por constituír unha infracción tipificada nela, poñerá en coñecemento da Axencia de Información e Control Alimentarios cos elementos probatorios que procedan.

### Artigo 4. *Réxime xurídico.*

1. As funcións, facultades e actuacións relacionadas cos controis para a comprobación do cumprimento do disposto na Lei 12/2013, do 2 de agosto, rexeranse:

a) Pola Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria e normas que a desenvolvan.

b) Polo Estatuto da Axencia de Información e Control Alimentarios, aprobado polo Real decreto 227/2014, do 4 de abril.

c) Polo presente real decreto e por cantas outras disposicións integren o ordenamento xurídico vixente e resulten de aplicación.

2. En todo caso, aplicaranse supletoriamente a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria; a Lei 47/2003, xeral orzamentaria; a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e as normas que as desenvolvan.

## CAPÍTULO II

### **Os servizos de Inspección da Axencia de Información e Control Alimentarios**

#### Artigo 5. *Persoal inspector.*

1. As actuacións derivadas das funcións sinaladas no artigo 2 serán realizadas polo persoal funcionario da Axencia de Información e Control Alimentarios, debidamente acreditado polo seu director.

2. Nos casos en que o director o considere oportuno, os funcionarios debidamente acreditados da Axencia de Información e Control Alimentarios poderanse auxiliar de

expertos, técnicos e especialistas que resulten de especial interese nas tarefas de control. Estes non terán a consideración de axentes da autoridade e a súa actividade unicamente se circunscribirá ao auxilio e colaboración co persoal inspector, ás ordes dos cales exercerán o seu labor.

#### Artigo 6. *Situación do persoal inspector.*

1. Os funcionarios da Axencia de Información e Control Alimentarios, debidamente acreditados polo director para levar a cabo as inspeccións, no exercicio das súas funcións, serán considerados como axentes da autoridade para os efectos da responsabilidade administrativa e penal dos que os intimiden ou lles fagan resistencia ou acometan ou empreguen forza contra eles, de feito ou de palabra, en actos de servizo ou con motivo deste.

2. O desempeño da función inspectora polo persoal funcionario da Axencia de Información e Control Alimentarios será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia.

#### Artigo 7. *Principios de actuación.*

1. No exercicio das súas funcións, os funcionarios da Axencia de Información e Control Alimentarios informarán os interesados, con motivo das actuacións inspectoras, dos seus dereitos e deberes para facilitarlles o cumprimento das súas obrigas.

2. O persoal funcionario da Axencia de Información e Control Alimentarios, debidamente acreditado polo director da Axencia, deberase abster de intervir nas actuacións e informará o seu superior xerárquico cando concorra calquera dos motivos a que se refire o artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. Deberán gardar segredo sobre os feitos e de cantas informacións de natureza confidencial tivesen coñecemento.

4. A infracción de calquera dos deberes de segredo ou sixilo constituirá falta administrativa grave, sen prexuízo de que pola súa natureza a conduta poida ser constitutiva de delito, de acordo co previsto no Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado, aprobado polo Real decreto 33/1986, do 10 de xaneiro.

#### Artigo 8. *Uso de bases informáticas por parte da Axencia de Información e Control Alimentarios.*

1. A Axencia de Información e Control Alimentarios estará facultada para utilizar, nas súas tarefas de control, as bases de datos propias, así como para precisar o auxilio daqueloutras cuxa titularidade e/ou xestión corresponda á Administración xeral do Estado, e solicitará a subministración da información que precise de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Os datos de carácter persoal que figuren nos ditos sistemas, así como os que figuren nos ficheiros automatizados que poida crear a Axencia de Información e Control Alimentarios, relacionados coas súas actividades inspectoras, non se poderán usar para finalidades distintas daquelas para as cales os datos fosen recollidos.

3. Os que interveñan en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal dos ficheiros automatizados que utilice a Axencia de Información e Control Alimentarios están obrigados ao segredo profesional respecto destes e ao deber de gardalos.

## CAPÍTULO III

**Actuacións da Axencia de Información e Control Alimentarios**Artigo 9. *Disposicións xerais.*

1. Os resultados de calquera das actuacións inspectoras da Axencia de Información e Control Alimentarios, debidamente documentados, serán utilizados en todo caso para o adecuado desempeño das funcións que esta ten encomendadas.

2. A Axencia de Información e Control Alimentarios, cando comprobe no desenvolvemento das súas funcións o incumprimento, por parte dalgún operador da cadea alimentaria, das obrigas que lle incumben, ou indicios que impliquen unha infracción administrativa de acordo co disposto na Lei 12/2013, do 2 de agosto, levará a cabo as correspondentes medidas que se recollen no capítulo IV deste real decreto.

3. Os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Axencia de Información e Control Alimentarios nas súas tarefas de control só se poderán utilizar para os fins que ten encomendados. Esta documentación non poderá ser retirada das dependencias da Axencia sen a preceptiva autorización do director, sen prexuízo do previsto no artigo 33 deste real decreto.

Artigo 10. *Actuacións inspectoras.*

1. As actuacións inspectoras levaranse a cabo para a correcta aplicación da Lei 12/2013, do 2 de agosto.

2. As actuacións da Axencia de Información e Control Alimentarios poderán ser, entre outras, para:

a) Analizar as declaracións efectuadas polos obrigados a facilitar datos periódicos á Axencia de Información e Control Alimentarios no ámbito da xestión e o mantemento dos sistemas de información, seguimento e análise dos mercados oleícolas (aceite de oliva e olivas de mesa) e lácteos.

b) Examinar a correspondencia entre os datos que figuren nas denuncias presentadas polas organizacións dos sectores ou mercados oleícolas (aceite de oliva e olivas de mesa), e os que dean os sistemas de información, seguimento e análise dos ditos mercados, para os efectos de iniciar e instruír os expedientes sancionadores por incumprimento no pagamento das achegas obrigatorias ás ditas organizacións interprofesionais.

c) Comprobar que os operadores da cadea alimentaria cumpren as obrigas establecidas na Lei 12/2013, do 2 de agosto; naqueles casos que xulguen oportunos poderase levar a cabo un procedemento de toma de mostras.

d) Aqueloutros controis que sexan solicitados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no ámbito das funcións establecidas no Estatuto da Axencia de Información e Control Alimentarios.

3. As actuacións de obtención de información dirixiranse ao coñecemento dos datos ou antecedentes de calquera natureza que estean en poder dunha persoa ou entidade e teñan transcendencia no bo funcionamento da cadea alimentaria.

4. Os funcionarios debidamente acreditados para proceder a unha inspección exercerán os seus poderes logo de presentar unha acreditación escrita do director da Axencia de Información e Control Alimentarios que indique o obxecto e a finalidade da inspección, así como a data en que se vaia realizar.

5. Nos casos en que se solicítase da autoridade xudicial a correspondente autorización para levar a cabo as actuacións inspectoras, esta será presentada aos interesados por parte dos inspectores designados polo director da Axencia de Información e Control Alimentarios.

6. A Axencia de Información e Control Alimentarios informará e asesorará, cando así lle sexa solicitado, os suxeitos e as entidades obxecto das actuacións sinaladas nos puntos anteriores, en relación coas obrigas que lles incumben, de acordo coa lei.

Artigo 11. *Planificación das actuacións.*

1. O exercicio das tarefas de control encomendadas á Axencia de Información e Control Alimentarios adecuarase ao plan de control.

2. O plan de control incluírá os criterios que deben servir para seleccionar as actuacións inspectoras de comprobación e investigación que se teñan que efectuar.

3. O plan de control será aprobado polo director da Axencia de Información e Control Alimentarios. Comunicaráselle ao Consello Asesor da Axencia, para o seu coñecemento, os plans aprobados desde a última reunión, co seu resultado.

4. Calquera adición ou modificación do plan de control, durante a súa execución, deberá ser aprobado polo director da Axencia de Información e Control Alimentarios, e a súa necesidade xustificarse de forma motivada xuntando as memorias ou os informes precisos.

5. O plan de control desenvolverase en plans de traballo, nos cales se establecerán as actuacións inspectoras da Axencia de Información e Control Alimentarios, que terán carácter reservado e non serán obxecto de publicidade.

6. Deberase velar especialmente para que a través da actividade inspectora a Axencia de Información e Control Alimentarios:

- a) Non se distorsione a liberdade de mercado nin a libre competencia.
- b) Se garde a confidencialidade dos operadores inspeccionados e, se for o caso, sancionados.

Artigo 12. *Lugar e tempo das actuacións.*

1. As actuacións de comprobación e investigación poderanse desenvolver, segundo os casos, no lugar onde o inspeccionado teña o seu domicilio social, despacho, oficina, almacén ou industria; no lugar onde radique a explotación; nas propias dependencias da Axencia de Información e Control Alimentarios, ou alí onde exista algunha proba, polo menos parcial, relativa aos feitos que poidan ser relevantes para determinar a existencia de infraccións da Lei 12/2013, do 2 de agosto.

2. As actividades de inspección da Axencia de Información e Control Alimentarios que se desenvolvan nas súas dependencias terán lugar dentro da xornada de traballo vixente.

3. No caso de que as actividades de control se desenvolvan nos locais do inspeccionado, observarase, con carácter xeral, a xornada laboral de oficina ou da actividade que rexa neles, sen prexuízo de que se poida actuar de común acordo noutras horas e días. No caso de que, dada a natureza das comprobacións realizadas, a interrupción da inspección poida ocasionar graves prexuízos ao resultado dos controis, aquela poderá proseguir durante o tempo estritamente indispensable, unha vez concluída a xornada laboral.

4. No caso de que as actividades de control se desenvolvan nos locais do inspeccionado, e estes fosen unha explotación gandeira de animais vivos, observarase, con carácter xeral, a normativa en materia de benestar e sanidade animal, amoldando a actividade inspectora á natureza dunha explotación gandeira, co fin de non crear ningún prexuízo aos animais presentes nela.

5. A Axencia de Información e Control Alimentarios poderá, ademais, efectuar controis sen aviso previo, mesmo fóra da xornada laboral das empresas inspeccionadas, sempre que, neste último suposto, teña coñecemento de que se estea realizando algunha actividade nas instalacións dos suxeitos ou entidades obrigados recollidos no ámbito de aplicación da Lei 12/2013, do 2 de agosto.



Artigo 13. *Os obrigados no procedemento de inspección.*

1. Están obrigados a atender o persoal da Axencia de Información e Control Alimentarios debidamente acreditado polo director para levar a cabo inspeccións:

a) Os operadores que estean obrigados a levar unha contabilidade de produtos, así como a efectuar declaracións periódicas á Axencia de Información e Control Alimentarios co fin de que esta poida xestionar e manter o sistema de información dos mercados oleícolas (aceite de oliva e olivas de mesa).

b) Os suxeitos obrigados ao pagamento das achegas obrigatorias ás organizacións interprofesionais ou de produtores, recoñecidas polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nos sectores ou produtos oleícolas (aceite de oliva e olivas de mesa) e lácteos.

c) Os operadores da cadea alimentaria que estean incluídos no ámbito de aplicación da Lei 12/2013, do 2 de agosto.

d) Toda persoa física ou xurídica que poida proporcionar calquera clase de datos e informacións de que dispoña sobre o obxecto da Lei 12/2013, do 2 de agosto, e que poidan resultar necesarios co obxecto e coa finalidade da inspección.

2. Os funcionarios da Axencia de Información e Control Alimentarios debidamente acreditados polo director para levar a cabo inspeccións poderán exixir que se acrediten a identidade, o carácter e as facultades da persoa ou persoas con cuxo concurso e asistencia se vaian realizar as actuacións.

Artigo 14. *Dereitos dos suxeitos obrigados.*

Os suxeitos que sexan obxecto dalgún control por parte dos servizos de inspección da Axencia de Información e Control Alimentarios terán, sen prexuízo dos que sexan recoñecidos pola lei, os seguintes dereitos:

a) A seren tratados con respecto e deferencia polas autoridades, que lles deberán facilitar o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.

b) A seren notificados do inicio e do obxecto das actuacións inspectoras. Nos supostos en que a índole da inspección así o requira, por tratarse dunha actuación inopinada, a notificación das actuacións de control efectuarase no momento de se iniciar estas.

c) A coñeceren, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos en que teñan a condición de interesados, e a obteren copias de documentos contidos neles tanto en soporte físico como informático, así como a un procedemento sen dilacións indebidas.

d) A identificaren as autoridades e o persoal ao servizo da Axencia de Información e Control Alimentarios baixo cuxa responsabilidade se tramiten as actuacións.

e) A obteren información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan ás actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.

f) A formularen alegacións e a achegaren documentos en calquera fase do procedemento, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.

Artigo 15. *Asistencia de representantes e asesores ás inspeccións.*

Os inspeccionados e os apoderados ou representantes dos operadores da cadea alimentaria poderán intervir, naquelas actuacións inspectoras que se realicen ante eles, asistidos por un asesor nos termos do artigo 85 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, quen poderá aconsellar o seu cliente. A presenza dos asesores en ningún caso se considerará necesaria para a realización das actividades inspectoras, que se levará a cabo, en todo caso, de conformidade coas instrucións ditadas polo director da Axencia ao respecto.

Artigo 16. *Iniciación e desenvolvemento das actuacións inspectoras.*

1. As actuacións de control que leve a cabo a Axencia de Información e Control Alimentarios poderanse levar a cabo:

- a) Por propia iniciativa, como consecuencia das previsións contidas no plan de control.
- b) Pola existencia de indicios razoables de incumprimento da Lei 12/2013, do 2 de agosto.
- c) En virtude de denuncia.

2. A Axencia de Información e Control Alimentarios poderá levar a cabo, antes de proceder á apertura dun expediente administrativo sancionador, unha actuación preliminar con obxecto de coñecer o alcance e as responsabilidades que poidan derivar do contido da denuncia.

3. Cando os funcionarios da Axencia de Información e Control Alimentarios debidamente acreditados polo director para levaren a cabo inspeccións actúen fóra das dependencias da Axencia, deberán acreditar a súa personalidade. Deberán, igualmente, ao inicio das actuacións e en calquera momento do procedemento por solicitude do interesado, instruír este acerca do significado das actuacións, do procedemento que se debe seguir, dos seus dereitos e das obrigas e deberes que debe observar para coa Axencia.

4. Iniciadas as actuacións inspectoras, deberán proseguir ata o seu remate, de acordo coa súa natureza e co seu carácter. As actuacións inspectoras desenvolveranse durante o tempo que sexa preciso en cada xornada, de acordo coas características propias das comprobacións en curso. Se duran varios días, ao remate das actuacións de cada día suspenderanse, e o inspector fixará o lugar, o día e a hora para o seu restablecemento, e precintará, se é o caso, as dependencias administrativas.

5. O prazo máximo de finalización das actuacións será de seis meses, sen prexuízo de que, por circunstancias excepcionais ou debido á obstrución dos controis por parte do inspeccionado, o director da Axencia poida prorrogar este prazo, por proposta do inspector actuante, por un período non superior a tres meses improrrogables.

6. O persoal da Axencia de Información e Control Alimentarios debidamente acreditado polo director para levar a cabo inspeccións deberá practicar as súas actuacións procurando sempre perturbar na menor medida posible o desenvolvemento normal das actividades laborais, empresariais ou profesionais do obrigado.

Artigo 17. *Facultades do persoal inspector.*

1. De acordo co establecido na disposición adicional primeira, números 8 e 9, da Lei 12/2013, do 2 de agosto, os funcionarios da Axencia de Información e Control Alimentarios debidamente acreditados polo director para levar a cabo inspeccións realizarán as actuacións de inspección e control ás entidades e operadores que se lles ordenen, e na súa actuación terán as seguintes facultades, que serán sempre proporcionadas co obxecto da súa actuación:

- a) Acceder a calquera local, terreo, instalación ou medio de transporte utilizados polas persoas físicas ou xurídicas sometidas a control.
- b) Verificar as existencias dos seus almacéns, os produtos obtidos, os procesos que se aplican e as instalacións, maquinaria e equipamentos utilizados.
- c) Acceder aos libros e documentos relativos á actividade da entidade, calquera que sexa o seu soporte material, así como obter copias ou extractos, en calquera formato e soporte, dos ditos libros e documentos.
- d) Reter por un prazo máximo de cinco días os libros ou documentos mencionados na alínea c) deste punto. Excepcionalmente, entregaranse os orixinais cando non se poidan entregar as copias autenticadas.



e) Precintar almacéns, instalacións, depósitos, equipamentos, vehículos, libros ou documentos e demais bens da entidade durante o tempo e na medida en que sexa necesario para a inspección.

f) Requirirle a calquera representante ou membro do persoal ao servizo da persoa obxecto de control as explicacións que considere necesarias sobre as actividades, procesos, materiais ou documentos relacionados co obxecto e coa finalidade da inspección e gardar constancia das súas respostas.

g) Tomar mostras de materias primas, produtos intermedios e terminados para determinar a súa composición e características, así como dos subprodutos xerados.

h) Levantar a acta en que se reflectan as actuacións realizadas, a información requirida e a obtida e os feitos constatados.

2. O exercicio das facultades descritas nas alíneas a) e e) requirirá o consentimento previo expreso do afectado ou, no seu defecto, a correspondente autorización xudicial.

3. En calquera momento do procedemento poderase ordenar, de oficio ou por instancia de parte, que se manteñan secretos os datos ou documentos que se consideren confidenciais, e formárase con eles peza separada.

4. As actuacións inspectoras daranse por concluídas cando, a xuízo dos inspectores, se obtivesen os datos e as probas necesarios para fundamentar os actos que proceda ditar, ben considerando correcta a situación do inspeccionado, ben por dispoñer dos elementos necesarios para regularizala conforme dereito.

#### Artigo 18. *Documentación das actuacións inspectoras.*

1. As actuacións dos servizos de inspección da Axencia de Información e Control Alimentarios documentaranse en actas de inspección.

2. Son actas de inspección aqueles documentos que redactan os funcionarios inspectores da Axencia de Información e Control Alimentarios co fin de recoller os resultados das súas actuacións de comprobación e investigación sobre o terreo.

3. Nas actas de inspección consignaranse, polo menos:

- a) O lugar e a data da súa formalización.
- b) A identificación persoal dos inspectores que a subscriben.
- c) O nome e os apelidos, o número de identificación fiscal e a sinatura da persoa con que se realizan as actuacións e o carácter ou representación con que intervén nelas.
- d) Os feitos constatados na actuación inspectora.
- e) O detalle das actuacións levadas a cabo durante a inspección.

4. O persoal inspector expediralles aos afectados unha copia da acta, así como unha relación de documentos que se anexen a esta.

#### Artigo 19. *Valor probatorio das actas levantadas polos funcionarios.*

De acordo co disposto no número 7 da disposición adicional primeira da Lei 12/2013, as actas levantadas polos inspectores da Axencia de Información e Control Alimentarios terán o carácter de documento público e, salvo que se acredite o contrario, farán proba dos feitos que se recollan nelas.

#### Artigo 20. *Sinatura das actas de inspección.*

1. As actas de inspección deberán ir asinadas polo inspector ou inspectores da Axencia de Información e Control Alimentarios que realizasen as correspondentes actuacións, así como, se for o caso, pola persoa coa cal se realizase o control, o seu representante ou o encargado do local onde tivese lugar a inspección.

2. A negativa dos inspeccionados a asinar a acta non impedirá que esta, unha vez asinada polo inspector ou inspectores da Axencia de Información e Control Alimentarios

acreditados para a inspección, teña valor probatorio, e deberase facer constar nela a negativa do inspeccionado a asinar a acta.

3. Xuntaráselle á acta a relación dos documentos de que se obtivese copia, así como un exemplar desta, e, se é o caso, a relación daqueles documentos que fosen retidos e trasladados temporalmente á Axencia de Información e Control Alimentarios polo persoal inspector, calquera que sexa o seu soporte material.

#### Artigo 21. *Actuacións complementarias.*

Cando a índole do asunto así o requira, os funcionarios da Axencia de Información e Control Alimentarios, debidamente acreditados polo seu director, poderán solicitar, no curso das inspeccións, datos complementarios para completar as actuacións de inspección. Se o obrigado a cumprir este requirimento é o propio inspeccionado, indicarse na acta a documentación de que se trate e o tempo en que esta deberá ser remitida á Axencia de Información e Control Alimentarios ou posta á disposición dos inspectores actuantes.

#### Artigo 22. *Toma de mostras.*

1. A Axencia de Información e Control Alimentarios poderá tomar mostras dos produtos, para os efectos previstos na Lei 12/2013, do 2 de agosto, en calquera fase da cadea alimentaria.

2. Se, á vista do resultado das análises realizadas sobre os ditos produtos, se detecta un posible incumprimento da lexislación aplicable en materia agroalimentaria ou sanitaria, a Axencia de Información e Control Alimentarios comunicarllelo o antes posible aos organismos competentes.

#### Artigo 23. *Auxilio e colaboración.*

1. De acordo co establecido na disposición adicional primeira, número 10, da Lei 12/2013, do 2 de agosto, toda persoa física ou xurídica queda suxeita ao deber de colaboración coa Axencia de Información e Control Alimentarios e está obrigada a proporcionar, por requirimento desta e en prazo, toda clase de datos e informacións de que dispoña e que poidan resultar necesarios co obxecto e finalidade da inspección. Este prazo será de dez días salvo que, pola natureza do solicitado e polas circunstancias do caso, se fixe de forma motivada un prazo diferente.

2. O incumprimento da obriga de subministrar a información que lle sexa requirida considerarase unha infracción leve de acordo co disposto no artigo 23.1.h) da Lei 12/2013, do 2 de agosto. No caso de reincidencia, considerarase infracción grave ou moi grave, de acordo co disposto nos números 2 e 3 do artigo 23 da dita lei.

#### Artigo 24. *Informe das actuacións de control.*

O inspector ou inspectores que levaron a cabo as investigacións emitirán, ao finalizar o control, un informe no cal se recollerán todas as actuacións realizadas.

#### Artigo 25. *Rexistro das actuacións.*

A Axencia de información e Control Alimentarios relacionará, rexistrará e arquivará as súas actuacións inspectoras na forma que determine o director do organismo e co detalle preciso para o seu debido control, constancia e custodia.

#### Artigo 26. *Deber de segredo.*

Todos os que tomen parte nas actuacións de control, inspección ou tramitación dos expedientes sancionadores deberán gardar segredo sobre os feitos e de cantas informacións de natureza confidencial tivesen coñecemento. Así mesmo, deberán gardar

segredo sobre estas actuacións os que as coñeceron por razón de profesión, cargo ou intervención como parte, mesmo despois de cesar nas súas funcións.

## CAPÍTULO IV

### Consecuencias derivadas da actuación inspectora

#### Artigo 27. *Regras xerais de actuación.*

1. Á vista dos resultados que figuren nos informes de control, a Axencia de Información e Control Alimentarios, finalizada a actividade comprobatoria inspectora, poderá:

a) Advertir o suxeito responsable, cando as circunstancias do caso así o aconsellen, nos casos en que das comprobacións efectuadas non resulte a comisión dunha infracción administrativa, pero si inobservancias ou irregularidades que se deban corrixir.

b) Requerir o suxeito responsable para que, no prazo que se lle sinale, adopte as medidas para o cumprimento da normativa, mesmo coa súa xustificación ante o funcionario actuante.

c) Levar a cabo, nos casos de infracción da Lei 12/2013, do 2 de agosto, as actuacións administrativas que correspondan, de acordo co disposto nela e nos artigos seguintes.

d) Nos casos en que a Axencia de Información e Control Alimentarios teña coñecemento de presuntas infraccións conforme o disposto na normativa reguladora de defensa da competencia, ou en materia de comercio de produtos agroalimentarios, remitiralles as actuacións aos organismos competentes ou aos interesados, de acordo co disposto nos artigos seguintes.

2. No exercicio das competencias que se lle atribuíron á Axencia de Información e Control Alimentarios en materia de procedemento sancionador, e co fin de salvaguardar os dereitos dos posibles afectados, esta actuará de conformidade co establecido ao respecto pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, e polo Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

#### Artigo 28. *Actuacións no ámbito das obrigas impostas para o mantemento dos sistemas de información, seguimento e análise dos mercados.*

1. Nos casos en que a Axencia de Información e Control Alimentarios teña constancia de presuntos incumprimentos no ámbito das obrigas establecidas para a xestión e o mantemento do sistema de información dos mercados oleícolas (aceites de oliva e olivas de mesa), trasladará as actuacións ao órgano competente da comunidade autónoma onde se encontre a industria ou o operador responsable, xunto coa documentación necesaria sobre os feitos constatados e a súa valoración técnica e xurídica, co obxecto de iniciar o correspondente procedemento sancionador.

2. Para estes efectos, aplicarase con carácter xeral o Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo da normativa propia de cada comunidade autónoma.

#### Artigo 29. *Actuacións nos casos de incumprimentos de pagamento das achegas obrigatorias ás organizacións interprofesionais ou de produtores.*

1. A Axencia de Información e Control Alimentarios iniciará e instruirá, de acordo co seu propio réxime, os expedientes sancionadores por incumprimentos no pagamento das achegas obrigatorias ás organizacións interprofesionais ou de produtores, recoñecidas polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nos produtos ou sectores

oleícolas (aceite de oliva e olivas de mesa) e lácteos, e formularánselles ás autoridades competentes as propostas de resolución que correspondan.

2. Nas infraccións recollidas no punto anterior, a falta de pagamento deberá ser denunciada pola organización interprofesional ante a autoridade competente, presentando a documentación que acredite ter requirido o pagamento aos debedores, así como a admisión a trámite da correspondente demanda xudicial ou, se for o caso, da solicitude de laudo arbitral.

3. Non obstante, cando a achega económica impagada ou as cotas en que se desagreguen se calculen sobre datos incluídos en declaracións oficiais á Administración competente ou constatados nas súas actuacións de control, non será necesario acreditar a presentación da documentación mencionada no parágrafo anterior e será suficiente para estes efectos a achega dunha certificación expedida polo órgano administrativo encargado da xestión dos datos incluídos nas ditas declaracións.

*Artigo 30. Actuacións nos casos de denuncias por incumprimento do disposto na Lei 12/2013, do 2 de agosto.*

1. A Axencia de Información e Control Alimentarios realizará as comprobacións que corresponda das denuncias por incumprimentos do disposto en Lei 12/2013, do 2 de agosto, que lle sexan presentadas e instruirá, no caso que sexa da súa competencia, o correspondente procedemento sancionador para formular a proposta de resolución que proceda á autoridade competente, xunto coas actuacións realizadas.

2. Para os efectos da iniciación dun procedemento sancionador, as denuncias que se presenten por presunto incumprimento da Lei 12/2013, do 2 de agosto, e que deba coñecer a Axencia de Información e Control Alimentarios, deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

3. Nos casos en que sexa competente a Axencia de Información e Control Alimentarios para iniciar e instruír o procedemento administrativo sancionador correspondente polos feitos denunciados, a Axencia comunicarlle ao denunciante a iniciación ou non do procedemento, se a denuncia vai acompañada dunha solicitude de iniciación.

*Artigo 31. Actuacións nos casos de irregularidades constatadas no exercicio das súas funcións.*

1. No caso de que a Axencia de Información e Control Alimentarios constatare, no exercicio das súas funcións, incumprimentos do disposto na Lei 12/2013, do 2 de agosto, iniciará de oficio, no caso de que a competencia para a súa resolución corresponda á Administración xeral do Estado, o procedemento sancionador que corresponda e, tras a correspondente instrución, propoñeralle á autoridade competente a resolución que proceda.

2. Se, de conformidade co establecido no artigo 26 da Lei 12/2013, do 2 de agosto, a competencia é dunha comunidade autónoma, a Axencia trasladará a información que proceda ao órgano competente desta.

*Artigo 32. Actuacións nos casos de infracción da normativa sobre a defensa da competencia ou do comercio.*

1. Cando, das comprobacións efectuadas pola Axencia de Información e Control Alimentarios, se deduza que os feitos constatados no curso dos controis efectuados poden ser constitutivos dalgunha das condutas recollidas nos artigos 1 ao 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, trasladará as actuacións realizadas á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, para os efectos oportunos.

2. Cando, das comprobacións efectuadas pola Axencia de Información e Control Alimentarios, se deduza que os feitos constatados no curso dos controis efectuados

poden ser constitutivos dalgunha das infraccións recollidas na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, trasladará as actuacións realizadas á comunidade autónoma competente para os efectos da iniciación do procedemento sancionador que corresponda.

Disposición derogatoria única. *Derrogación do Real decreto 257/1999.*

Queda derogado o Real decreto 257/1999, do 12 de febreiro, polo que se regula a supervisión das axudas comunitarias ao aceite de oliva e á oliva de mesa por parte da Axencia para o Aceite de Oliva.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Mercado lácteo.*

O exercicio das funcións de control do mercado lácteo a que se refiren os artigos 2.1.a) e 10.2 non se levará a cabo mentres non se desenvolva regulamentariamente.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do presente real decreto e, en particular, para modificar o disposto nos artigos 2, 10, 13 e 29 en aplicación do disposto no número 6, alínea a), da disposición adicional primeira da Lei 12/2013, do 2 de agosto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de febreiro de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
ISABEL GARCÍA TEJERINA